



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo mércores 30 de maio de 2018, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte:

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude de subvención realizada polo Concello de Vilasantar á Deputación da Coruña o día 4 de Abril de 2018 segundo as Bases reguladoras do Programa de Socorrismo dirixido aos concellos do interior da provincia durante o exercicio 2018, publicadas o 28 de febreiro de 2018 (BOP de A Coruña Núm. 41).

E vista a resolución 2018/16984 do día 23 de Maio de 2018, pola que a Deputación Provincial da Coruña aproba a concesión provisional, ao Concello de Vilasantar, da subvención do programa Socorrismo dirixido a concellos, publicada o 29 de maio de 2018 (BOP de A Coruña nº 100)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar e aprobar as bases do procedemento selectivo para a contratación como persoal laboral temporal, dun/ha socorrista para a piscina municipal do Concello de Vilasantar.

SEGUNDO. Que se dea publicidade a tal convocatoria por medio do taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vilasantar (www.vilasantar.gal).

Do presente decreto darase conta á xunta de goberno local para a súa constancia.

O presente documento asinarase electronicamente polo alcalde e, no seu caso, polo secretario, para que teña validez.